



ADDENDA II DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES de Quiroga

CURSO: 2º ESO

MATERIA: Tecnoloxía

DEPARTAMENTO: Tecnoloxía

DATA: 12/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

	<i>Páxina</i>
1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDÍBEIS	1
2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	2
3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REFORZO, REPASO, E NO SEU CASO AMPLIACIÓN	4
4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	4

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDÍBEIS

Estes criterios e estándares están sendo traballados no terceiro trimestre de xeito telemático e polo tanto só se terán en conta para subir nota na terceira avaliación. Por suposto, estes criterios e estándares non serán esixíbeis na avaliación extraordinaria de setembro.

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE
Bloque 4. Máquinas e sistemas: estruturas, mecanismos e circuitos eléctricos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Analizar e describir os esforzos aos que están sometidas as estruturas, experimentando en prototipos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB4.1.1. Describe audiovisual ou dixital, as características propias que configuran os tipos de estruturas, apoiándose en información escrita.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB4.1.2. Identifica os esforzos característicos e a súa transmisión nos elementos que configuran a estrutura.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.2. Identificar operadores mecánicos de transformación e transmisión de movementos en máquinas e sistemas e empregalos para deseñar e montar sistemas mecánicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB4.2.1. Describe, mediante información escrita e gráfica, como transforman e transmiten o movemento distintos mecanismos.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB4.2.2. Calcula a relación de transmisión de elementos mecánicos como as poleas e as engrenaxes.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.3. Deseñar e simular circuitos eléctricos con simboloxía adecuada e montalos con operadores elementais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB4.3.2. Deseña circuitos eléctricos básicos, utilizando software específico e simboloxía adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran.
Bloque 5. Tecnoloxías da información e da comunicación	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Distinguir as partes operativas dun equipamento informático. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB5.1.1. Identifica as partes dun computador.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Utilizar un equipamento informático para elaborar e comunicar proxectos técnicos sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB5.2.1. Manexa programas e software básicos.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB5.2.2. Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB5.2.3. Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos sinxelos con equipamentos informáticos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Deseñar e elaborar unha aplicación mediante un contorno de programación gráfico, utilizando o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TEB5.3.1. Deseña e elabora aplicacións informáticas sinxelas mediante un contorno de programación gráfico.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

AVALIACIÓN	
PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS
Miniproxectos	<p>Memoria do traballo: deberá cumprir unha estrutura fixada polo departamento, valorando a puntualidade na entrega. Os indicadores de logro e criterios de corrección serán comunicados ao alumnado xunto á proposta do miniproxecto.</p> <p>O alumnado subirá a devandita memoria a través da aula virtual da materia.</p> <p>O traballo terá unha puntuación entre 0 e 10 puntos.</p>
Packs de actividades sobre os estándares de aprendizaxe	<p>Exercicios teóricos e prácticos da edición dixital do libro de texto a través da plataforma Weereas Será imprescindible cumprir os prazos de entrega e de non ser así a súa valoración será de 0.</p> <p>Se o alumando non ten posibilidade de acceder á plataforma online, subirá á aula virtual a resolución dos exercicios en formato pdf, word, writer ou feito a man e dixitalizado con escáner ou cámara de fotos (sempre que sexa lexíbel).</p> <p>Cada pack terá unha puntuación entre 0 e 10 puntos.</p>
Prácticas guiadas.	<p>Realizaranse talleres de informática guiados.</p> <p>Tarefas realizadas no libro multimedia tecno12-18.com de repaso.</p> <p>As prácticas avaliaranse como feita ou non feita e a nota das prácticas será calculada do seguinte xeito: $(N^{\circ} \text{ practicas feitas} * 10) / N^{\circ} \text{ prácticas totais}$ A nota final das prácticas será entre 0 e 10 puntos.</p>
Test e cuestionarios	<p>Test globais feitos no libro multimedia tecno12-18.com, cuestionarios feitos a través do Google Forms, actividades feitas no cuaderno e enviadas por correo electrónico.</p> <p>Avaliaranse cunha nota entre 0 e 10</p>
Probas específicas	<p>Proba escrita telemática: O alumnado será convocado a través da aula virtual cunha antelación superior aos 7 días para unha proba escrita telemática. A mesma terá unha duración limitada (especificada no encabezamento do exame) e indicarse a valoración de cada unha das preguntas</p> <p>A proba será colgada na aula virtual do centro podendo conter exercicios tipo test (cubriranse na propia aula virtual) ou preguntas teóricas ou prácticas (neste caso o/a alumno/a pode resolver en papel, dixitalizando a solución con escáner ou cámara de fotos, sempre que sexa lexíbel, e entregándoa ao/á profesor/a polo medio telemático que máis útil lle sexa: aula virtual ou correo electrónico). A proba escrita poderá ser seguida polo profesorado a través da plataforma Cisco Webex Meetings da Consellaría de Educación.</p> <p>Estas probas serían presencias en caso de reanudarse a actividade lectiva presencial.</p> <p>Avaliaranse cunha nota entre 0 e 10</p>

CUALIFICACIÓN	
Cualificación final	<p>3ª AVALIACIÓN : O traballo realizado en cada unha das 10 semanas do terceiro trimestre suporá un 10% da nota final da terceira avaliación.</p> <p>AVALIACIÓN ORDINARIA A nota final calcúlase do seguinte xeito: (media aritmética da 1ª e 2ª avaliación) + 0,2 * (Nota 3ª Avaliación)</p> <p>ALUMNADO COA 1ª E/OU 2ª AVALIACIÓN SUSPENSAS OU NON RECUPERADAS: As persoas que teñan suspenso a primeira e/ou segunda avaliación terán unha ou máis probas escritas telemáticas de recuperación e ademais entregaran previamente un Pack de actividades de reforzo. A nota da recuperación calcularase do seguinte xeito: (Nota media das probas*0,6 + Nota media dos Packs actividades*0,4)</p> <p>No caso de non poder realizar as probas telemáticas , avaliaranse unicamente as actividades de reforzo supoñendo estas o 100% da nota.</p> <p>No caso de obter unha nota igual ou superior a 5, substituirase a media aritmética das mesmas pola nota que tiñan adquirida na primeira avaliación e/ou na segunda avaliación. E para o cálculo da cualificación final aplicaráselle o mesmo procedemento que ao resto de alumnado. No caso de non chegar ao 5 nas de recuperación da 1ª e/ou 2ª avaliación, a nota final non será superior a 4.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>O alumnado coa materia suspensa na convocatoria ordinaria (xuño) terá dereito a unha proba extraordinaria e presencial (sempre e cando o permitan as autoridades sanitarias e educativas, se non sería substituído por unha proba telemática) en setembro. Esta proba versaría sobre os estándares de aprendizaxe da 1ª e 2ª avaliación contemplados na programación didáctica de este departamento.</p>
Alumnado de materia pendente (non hai alumnado con materia pendente)	<p>Non hai alumnado con materia pendente</p>

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REFORZO, REPASO, E NO SEU CASO AMPLIACIÓN)

Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> ● Actividades de repaso. ● Actividades de ampliación. ● Cuestionarios ou probas de recuperación.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<ul style="list-style-type: none"> ● Existe alumnado sen posibilidade de conexión para o que dende a dirección do centro se estableceron medidas para proporcionarlles o material de traballo en formato papel que logo será entregado no centro educativo unha vez elaborado. ● As tarefas son subidas á aula virtual do centro semanalmente, coa posibilidade de preguntar dúbidas sempre que o necesiten a través do correo electrónico e do propio Foro da aula virtual.
Materiais e recursos	<ul style="list-style-type: none"> ● Libro multimedia tecno12-18.com ● Edición dixital libro de texto do alumnado na plataforma Wareas. ● Cuestionarios realizados no Google Forms ● Correo electrónico ● Ordenador / Móbil con conexión a Internet ● Escáner de documentos ● Excepcionalmente empregárase a ferramenta Cisco Webex Meetings, xa que é preciso ter unha boa conexión a Internet e traballar con grupos moi pequenos ou titorías para a resolución de dúbidas para que sexa efectiva.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>O/a profesor/a encargado/a da materia informará ao alumnado dos cambios producidos na programación didáctica do departamento do seguinte xeito:</p> <ul style="list-style-type: none"> ● A través da páxina web do centro ● A través do Abalar Móbil, informarase de que a addenda da programación didáctica atópase a súa disposición.
Publicidade	<ul style="list-style-type: none"> ● A través da páxina web do centro.

Quiroga, 12 de maio de 2020

Asdo.: Belén Armesto Fernández

Xefa do departamento de Tecnoloxía

IES de Quiroga